



## Concello de Ribeira de Piquín

### DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 18 de xuño de 2021.

**Asunto:** Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación de un/unha (1) auxiliar de axuda no fogar, a xornada completa (100%) por un período de seis (6) meses.

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).**

De conformidade co expediente de provisión de un/unha (1) auxiliar de axuda no fogar, a xornada completa (100%) por un período de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2021/145 de data 08 de xuño de 2021, e publicada a convocatoria no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 129, do 09 de xuño de 2021.

Analizadas as solicitudes presentadas, e tendo en conta que cumpren cos requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas bases, presentar os correspondentes méritos alegados así como a presentación de fotocopia do D.N.I, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista definitiva de admitidos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

#### AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Álvarez Rancaño, Noelia	33.550.341-B	SÍ

**SEGUNDO.-** Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: Dna. María Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

D. Mario López Iglesias, Operario de Servizos Múltiples do Concello de A Pastoriza (Lugo).

Dna. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Administradora do Obradoiro de Emprego do Concello de





## Concello de Ribeira de Piquín

---

Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: O Secretario-interventor do Concello de Bóveda (Lugo), D. Juan Hernando Rosa Ruíz, ou persoa en quen delegue.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 25 de xuño de 2021, ás 09:00 horas no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

**TERCEIRO.-** Convocar á aspirante do citado proceso selectivo para a realización do exercicio da fase de oposición, ás 09:30 horas do día 25 de xuño de 2021.

**CUARTO.-** Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 18 de xuño de 2021.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

